



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

Ordenanza reguladora da taxa de depuración de augas residuais

I.- Fundamento e natureza

Artigo 1º.

No uso das facultades concedidas polos artigos 132.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa de depuración de augas residuais, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

II.- Feito imponible

Artigo 2º.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verifica-las condicións precisas para autoriza-la conexión á rede municipal de sumidoiros.
- b) A prestación do servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas.

2.- A taxa non afecta ós inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo ou soar.

III.- Suxeito pasivo

Artigo 3º.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, é dicir:

a) Cando se trate da concesión de licenza de conexión á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.

b) Nos casos referidos no apartado 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título; propietarios, usufrutuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario.

2.- En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá repercutir, se é o caso, sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cotas pagadas.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

IV.- Responsables

Artigo 4º.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

V.- Cota tributaria

Artigo 5º.

1.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación dos servizos de depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible. Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

Conexión rede de saneamento: 630,00 euros

a) Uso doméstico: 0'20 euros/m³

b) Uso industrial: 0'45 euros/m³

c) Abonados de saneamento que non o sexan de abastecemento e que estean conectados ó EDAR, colector ou calquera tubaxe de sumidoiros, aplicaranse mensualmente as seguintes cantidades fixas.

- Uso doméstico: 3 euros/mes

- Uso industrial: 8 euros/mes

2.- En ningún caso se poderá considerar un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable por subministración. A cota resultante deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

VI.- Obrigas de contribuír

Artigo 6º.

1.- A obriga de contribuír que orixina o cobro da taxa prodúcese cando comeza a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, é dicir:

a) Dende a data de presentación da oportuna solicitude de licenza de conexión, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva conexión á rede de sumidoiros. O dereito ó cobro por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de conexión e sen prexuízo da iniciación de expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódolos inmobles do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o inmovible non exceda de cen metros. E percibirase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

VII.- Declaración, liquidación e ingreso

Artigo 7º.

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte declararán a alta e a baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade do predio e o derradeiro día do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto dende a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación destas. A inclusión inicial no censo farase de oficio despois de acreditadas as circunstancias que obrigan ó pago.

2.- As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse nos períodos que se fixen anualmente.

3.- No suposto de licenza de conexión, o contribuínte fará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste concello, despois de concedida, practicarán a liquidación que procede, que se notificará para ingreso directo na forma e prazos que se sinala no Regulamento xeral de recadación.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.